



## **TEMA 5. Como publicar obras con licenza Creative Commons.**

Xa coñecemos os diferentes tipos de licenza Creative Commons e como podemos combinalas. Chegou o momento de publicar contidos creados por nos, ben sexa creados orixinalmente, desde cero, ou ben a partir de contidos doutros autores ou autoras. É fundamental citar aos autores do resto de materias que empregamos.

### **Recoñecemento en Creative Commons**

Todas as licenzas Creative Commons requiren que deas crédito ao autor das obras que estás a utilizar. Aínda que o autor non especificase unha forma particular de como debes citalo isto significa que non debes facelo. Simplemente significa que has de intentar facelo da mellor forma que poidas considerando a información que posúes. Normalmente isto implica cinco cousas:

- Se o traballo contén algunha información sobre o copyright incluída polo autor debes deixala intacta ou reproducila dunha forma razoable considerando o medio no que a estás a reproducir
- Citar o nome do autor, nome en pantalla, identificación de usuario, etc. Se estás a publicar en Internet, é aconsellable enlazar o nome da persoa á páxina do seu perfil
- Citar o título do traballo (se existe). Se estás a publicar en Internet é conveniente enlazalo ao traballo orixinal.
- Citar a licenza Creative Commons baixo a que está o traballo. Se estás a publicar en Internet é conveniente enlazalo á páxina da devandita licenza dentro da web de Creative Commons

- Se estás a facer un traballo derivado ou unha adaptación, ademais do anterior, debes explicitar que a túa obra é un traballo derivado. Por exemplo: "Isto é unha tradución de (traballo orixinal) por (autor) "

Realmente, en caso de que o autor estableza requirimentos adicionais só pode obrigar a:

- Que o traballo se atribúa a certo nome, pseudónimo ou mesmo algunha organización
- Que o asocies a unha URL particular



Fotografía: David

Ramos. <http://www.flickr.com/photos/davidramoscastellano/5937365859/>

CC BY-NC 2.0

Nome do autor, URL da fotografía, tipo de licenza **Creative Commons**


### ***Como citar a Wikipedia***

Aínda que xa sabemos que TODO o publicado está recollido baixo licenza **Creative Commons** imos adicarlle un apartado especial a aprender a citar artigos da Wikipedia que empregamos nos nosos traballos.

A Wikipedia en Lingua Galega dispón dun mecanismo para xerar unha cita de xeito automático, dándonos a escoller entre varios estilos empregados por determinados

colectivos. Tamén xera un cadro con todos os contidos que podemos copiar e pegar ao final do noso traballo.

Atopamos esta ferramenta no apartado da esquerda da páxina da Wikipedia que estamos a consultar baixo o nome "citar esta páxina"



Como exemplo empregaremos un artigo sobre o gaiteiro galego "Avelino Cachafeiro" que atoparedes nesta ligazón [https://gl.wikipedia.org/wiki/Avelino\\_Cachafeiro](https://gl.wikipedia.org/wiki/Avelino_Cachafeiro)

Se prememos en "citar esta páxina" redirixenos a unha nova web onde teremos este cadro (seguido doutras opcións máis formais de mención)

## Citar

### Citar

Páxina:

#### Detalles bibliográficos de "Avelino Cachafeiro"

- Nome da páxina: Avelino Cachafeiro
- Autor: Colaboradores da Galipedia
- Editor: Galipedia, a Wikipedia en galego.
- Data da última revisión: 24 de marzo de 2013 ás 02:06 UTC
- Data da consulta: 7 de febreiro de 2014 ás 15:29 UTC
- Enderezo URL permanente: [http://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Avelino\\_Cachafeiro&oldid=2887119](http://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Avelino_Cachafeiro&oldid=2887119)
- ID da versión da páxina: 2887119

**NON ESQUEZADES NUNCA CITAR A WIKIPEDIA NOS VOSOS TRABALLOS SE A EMPREGACHEDES PARA ELABORAR OS MATERIAIS**